

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA A ADSCRICIÓN DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALARÍA DE GALICIA Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos garantindo o dereito a concluir os estudos do alumnado que os iniciara con anterioridade nos prazos establecidos na normativa universitaria.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regulamentar a adscrición do Centro Superior de Hostalería de Galicia á USC nos termos regulados no artigo 11 da LOU, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos Estatutos da USC para a impartición do Grao en Innovación Gastronómica e Xestión Hoteleira.

Se, a consecuencia do establecemento de normas de carácter xeral, resultasen afectadas ou modificadas cláusulas do presente Convenio, as partes outorgantes do mesmo acordarán a súa adecuación a aquelas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A USC é unha Institución Pública que desenvolve o servizo público de educación superior, e que está dotada de plena personalidade xurídica gozando de autonomía de conformidade cos seus Estatutos e coas normas de lexislación vixente.

Segundo.- Na Dirección de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia atópase o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (en diante, CSHG) que que entre as súas funcións está o desenvolver a docencia e a investigación conforme as exixencias metodolóxicas e substantivas propias de toda institución do ámbito universitario..



Terceiro.- Os estudos que se imparten no Centro Superior de Hostalaría de Galicia constitúen un elemento importante no proceso de formación de profesionais no sector da hostalaría, cubrindo unhas deficiencias no sistema formativo, non contemplándose na actualidade os estudos de hostalaría no sistema de estudos conducentes á obtención dun título universitario oficial na Comunidade Autónoma de Galicia, en contraposición con outras comunidades autónomas

Cuarto.- A USC é consciente da necesidade, para o desenvolvemento social e económico da Comunidade Autónoma de Galicia, de impulsar estudos superiores no ámbito do sector da hostalaría e o Centro Superior de Hostalaría de Galicia é igualmente consciente da oportunidade de adscrición do Centro á USC.

Quinto.- As partes xa formalizaron diversos convenios para afianzar a súa relación e que a experiencia recollida nestes anos no desenvolvemento dun título propio fan aconsellable avanzar nesa relación coa implantación dun novo título, neste caso oficial e con validez en todo o territorio nacional

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

